



GRUPO MUNICIPAL

LUÍS REI NÚÑEZ, Portavoz do Grupo Municipal de Marea Pontevedra no Concello de Pontevedra, ao abeiro do Regulamento do Pleno e das súas Comisións, e nomeadamente dos artigos 67 letra c) e 117 letra a), insta ao Pleno do Concello a **DECLARAR “PERSONA NON GRATA” AO SEÑOR MARIANO RAJOY BREY.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pobo de Pontevedra foi condenado por un réxime dictatorial a acoller á beira da súa ría a instalación dun complexo industrial, o de ENCE-ELNOSA, que trouxo un alto índice de contaminación ás augas e á atmosfera, dificultou o crecemento urbanístico da capital e comprometeu as súas moitas posibilidades nun sector tan importante coma o turismo.

Tras máis de cinco décadas de actividade, e cando a cidadanía confiaba en que a permanencia no seu inaxeitado emprazamento do seu veciño máis incómodo ía rematar dentro de dous anos, a condena acaba de ampliarse o Goberno por outros sesenta anos.

Esta decisión chega despois de que en 2001, cando a empresa era de titularidade pública, fose privatizada na súa totalidade por un prezo singularmente baixo, en atención a que o límite de explotación que fixaba a Lei de Costas de 1988 concluíra en 2018. Para sortear ese atranco, o Goberno presidido por Mariano Rajoy Brey acometeu en 2013 unha reforma legal concibida claramente para beneficiar á empresa. Esa reforma é a que agora serviu para darlle amparo á prórroga de seis décadas contra a que o conxunto da cidadanía volveu manifestar o seu rexeitamento cunha manifestación masiva o pasado 29 de xaneiro.

Dado que esa prórroga foi outorgada por un Goberno en funcións, e dado que ese Goberno está presidido por un pontevedrés, o Grupo Municipal de Marea Pontevedra formula a seguinte

PROPOSICIÓN:

-Instar ao Pleno do Concello de Pontevedra a declarar “persoa non grata” ao señor Mariano Rajoy Brey.

Pontevedra, 3 de febreiro de 2016

O Portavoz do GM de Marea Pontevedra

Luís Rei Núñez

Cruz Vermella, 22, baixo. 36002 PONTEVEDRA / mareapontevedra.org
[horario: De luns a venres. De 10,30 a 13,30 e de 17,00 a 20,00 horas]
grupomunicipal@mareapontevedra.org / 986193815 - 671788740